



IV CONCURSO DE NADAL

"GALICIA 2014"

A **Federación Galega de Baloncesto**, en estreita **colaboración coa Federación Española de Baloncesto e "la Caixa"**, convoca neste ano 2013 a **IV edición do seu xa tradicional Certame de Nadal**, concurso que este ano presenta o aliciente especial da vindeira celebración en España do **"Mundial de Basket 2014"**

Baixo este escenario, a presente edición deste certame creativo promove o obxectivo de crear o deseño da Postal de Nadal que a Federación Galega de Baloncesto enviará durante esas datas festivas para felicitar a todos os clubs, institucións e afeccionados.

Requisitos

Para participar é preciso enviar unha obra e deseño persoal que reúna os requisitos que a continuación se estipulan:

Poderán presentar os seus deseños e traballos todos aqueles xogadores e xogadoras federados, que pertencen **ás categorías dende Preminibasket ata Cadete**, e que desexen expresar as súas inquedañas cara a pintura e o deseño **relacionando dúas temáticas: a vindeira celebración en España do MUNDIAL DE BALONCESTO 2014 e os mellores desexos deste NADAL 2013.**

Os xogadores e xogadoras que desexen participar deste proceso poderán enviar á Federación Galega de Baloncesto a súa creación. Esta poderá estar realizada a man ou mesmo a través de ordenador, en Branco e Negro ou a Cor. O tamaño máximo do traballo será o de DIN A4, podendo presentarse en menor tamaño se así se desexa. O material do mesmo poderá ser todo aquel tipo de papel que se axuste ás condicións indicadas.



Os traballos presentados terán que entregarse nun sobre pechado no que se introduza a obra a concurso e no que se especifique o título da mesma e os datos persoais e propios do participante (DNI, nome completo, idade, dirección e club ao que pertence).

O sobre anteriormente citado deberá presentarse en persoa na Delegación FGB Zonal correspondente a cada participante, ou ben, a través do correo, na sede central da FGB en Santiago (Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 14. C.P.15707. Santiago de Compostela. A Coruña)

Data de entrega

A data límite para facer efectiva esta entrega será a do día 11 de decembro de 2013.

Premios - Agasallos

A Federación Galega de Baloncesto galardoará ao vencedor cun **premio de material deportivo valorado en 100 euros**, así como con dous agasallos **cortesía de “la Caixa” e Federación Española de Baloncesto**.

O segundo clasificado recibirá, pola súa banda, un premio en material deportivo por valor de **60 euros**, un exemplar do libro **“50 anos de Baloncesto en Galicia” e un agasallo da Federación Española de Baloncesto**.

Concesión e Publicación

A concesión dos premios farase baixo a responsabilidade dun xurado composto polo Presidente da FGB, o Vicepresidente da FGB, e o responsable do departamento de comunicación.

A **publicación dos galardóns farase efectiva o día 16 de decembro de 2013** a través da páxina web da Federación Galega de Baloncesto e, por suposto, previamente, a través do contacto directo co autor da obra.

A concesión de premios aos debuxos participantes implicará a cesión do uso do deseño dos mesmos á Federación Galega de Baloncesto.



A Federación Galega de Baloncesto resérvase o dereito de declarar deserto o resultado do concurso, así como o seu premio, se a calidade dos traballos recibidos non se axusta a un criterio lóxico mínimo.